

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE XULLO DE 2026 POLA QUE SE CONVOCA A OITAVA EDICIÓ DO DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS AUGA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Unha das accións estratéxicas do Campus Auga da Universidade de Vigo, como campus de especialización, é premiar os esforzos dos/as investigadores/as que contribúan a desenvolver a singularización do Campus Auga, a través do seu traballo nas liñas de especialización de Alimentación Funcional, Agricultura e Medio Ambiente, e Xestión da Auga Termal e apoiadas nas áreas de transversais de soporte: Intelixencia Artificial, Economía Circular e Lexislación Agroalimentaria e Ambiental.

Por este motivo convócase a oitava edición dos Premios Campus Auga, coa finalidade de recoñecer e estimular contribucións relevantes nos eidos anteriores. A dotación económica destes premios finánciase no marco do Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia para financiar o Campus Auga, logo da Resolución de acreditación publicada no DOG do día 8 de febreiro de 2024.

A investigación é un elemento esencial para a mellora da competitividade e sustentabilidade das sociedades actuais, que mediante a innovación permite traducir as oportunidades xeradas polos desenvolvementos científicos e tecnolóxicos en novos produtos e servizos, así como en posibilidades de traballo e benestar para a sociedade.

A innovación supón tamén partir do vixente para transformalo, creando así novas dinámicas nos seus principais actores (institucións, educadores/as e educandos/as) que lles permitan indagar, descubrir, reflexionar, criticar e incluso renovar ou mesmo cambiar.

Por outra banda, a divulgación científica a través dun conxunto de actividades permite transferir o coñecemento científico e facelo accesible á sociedade, é dicir, a todas aquelas persoas interesadas en entender ou informarse sobre ese tipo de coñecemento.

Resulta, por tanto, oportuno continuar coa convocatoria destes premios mediante os que se recoñece o valor que a Universidade de Vigo outorga ao esforzo do persoal docente e investigador (PDI), Persoal Investigador (PI) e do estudantado no ámbito da investigación, transferencia, e a divulgación científica, en temáticas relacionadas coas liñas de traballo do Campus Auga. Trátase de contribuír desta forma a mellorar a proxección investigadora e social do Campus de Ourense-Campus Auga, como un campus líder nestas temáticas.

Neste senso, a Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus Auga convoca a oitava edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga da Universidade de Vigo, de conformidade coas seguintes:



BASES

Primeira- Obxecto da convocatoria

A Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga da Universidade de Vigo considera importante, para estimular a promoción do Campus Auga, premiar accións destacadas no ámbito da investigación, transferencia, e a divulgación científica, que contribúan a situar e consolidar o Campus de Ourense como un referente internacional nos seguintes eidos: Alimentación Funcional, Agricultura e Medio Ambiente, e Xestión da Auga Termal. Estes ámbitos apóianse no coñecemento transversal xerado polas seguintes áreas de soporte: Intelixencia Artificial, Economía Circular e Lexislación Agroalimentaria e Ambiental.

Neste senso, a convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para recoñecer, difundir e premiar traballos e accións de investigación, transferencia, e divulgación científica, relativos ás citadas liñas de especialización e áreas transversais de soporte, que resulten de interese para o desenvolvemento e promoción do Campus Auga.

1. Premios de investigación

O seu obxectivo é recoñecer diferentes facetas da actividade investigadora e de transferencia desenvolvida por persoal docente e investigador (PDI), persoal investigador (PI) ou estudantado da Universidade de Vigo nas temáticas obxecto da convocatoria, entre as que se atopan: Traballos Fin de Grao (TFG), Traballos Fin de Mestrado (TFM), Teses de Doutoramento superados/as, e contribucións científicas de alto impacto publicadas en 2023, 2024 ou 2025, sempre que a autoría corresponda a PDI, PI ou estudantado da Universidade de Vigo, e os méritos non foran presentados ás anteriores edicións destes premios nin exista identidade substancial con outros que xa concorreran a convocatorias anteriores.

Entendese por contribucións científicas aquelas que se realizan nos medios de difusión propios de cada ámbito de coñecemento, como poden ser artigos en revistas indexadas, libros, capítulos de libros, monografías, recensións, etc.

2. Premios de transferencia

O propósito deste apartado é distinguir os resultados relevantes de transferencia, entendendo como tales patentes en explotación, produtos ou servizos comercializados por algunha empresa, estudos e informes de impacto contrastado, sempre que fosen resultado dun proxecto ou contrato realizado na Universidade de Vigo e finalizado en 2023, 2024 ou 2025. Para elo, será necesario que todos os membros do proxecto ou contrato, do que deriven resultados relevantes de transferencia, cumpran a condición de ser PDI ou estudantado da Universidade de Vigo e que os méritos non foran presentados ás anteriores edicións destes premios nin exista identidade substancial con outros que xa concorreran a convocatorias anteriores.



3. Premios de divulgación científica

Preténdese, tamén, premiar accións e actividades de divulgación científica realizadas nos anos 2023, 2024 e 2025 nas temáticas da convocatoria, que contribúan á promoción do Campus Auga e a divulgar a acción e o coñecemento científico producido no seu seo.

Segunda - Modalidades dos premios

Os premios consistirán no recoñecemento público outorgado pola Universidade de Vigo a través dunha certificación oficial que, de ser posible, será entregada nun acto institucional organizado a tal efecto.

Asemade, os premios serán dotados economicamente en función da modalidade á que concorran os méritos presentados, tal como se detalla máis abaixo. Esta dotación financíase con cargo ao Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, como achega ao Campus Auga, consonte se indica de seguido:

- A Universidade de Vigo abonará un máximo de 12.000 € en metálico, con base no convenio resultante da Resolución da Xunta de Galicia pola que se acredita o Campus Auga (DOG do 8 de febreiro de 2024), que pagará directamente aos premiados con cargo á partida orzamentaria 2026 AUGA 131H 484.99.

Para poder realizar o pagamento dos importes correspondentes aos premios, a Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus Auga solicitará ás persoas premiadas os correspondentes datos bancarios.

Convócanse cinco modalidades de premios, creándose para as catro primeiras (A, B, C e D sinaladas a continuación) tres premios en metálico e para a derradeira modalidade (E) un único premio en metálico. Cada traballo ou mérito deberá, de maneira obrigatoria, presentarse a unha, e só a unha, das seguintes seis categorías que se indican a continuación:

Liñas de Especialización	Áreas Transversais de Soporte ás Liñas de Especialización
Alimentación Funcional	Intelixencia Artificial
Agricultura e Medio Ambiente	Economía Circular
Xestión da Auga Termal	Lexislación Agroalimentaria e Ambiental



Así, as modalidades son as seguintes:

A. Premio ao TFG/TFM máis destacado.-

Cada premio consistirá nun diploma acreditativo para a persoa autora do TFG/TFM e para a/s persoa/s titora/s, así como dunha dotación en metálico de 930 € para o/a autor/a (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente).

B. Premio de investigación a teses de doutoramento.-

Cada premio consistirá nun diploma acreditativo para a persoa autora da tese de doutoramento e para a/s persoa/s directora/s da mesma, así como nunha dotación en metálico de 1.150 € para o/a autor/a (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente).

C. Premio de investigación á mellor contribución científica.-

Cada premio consistirá nun diploma acreditativo para a persoa autora, así como para a/s coautora/s, de ser o caso, e nunha dotación en metálico de 730 € (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente) para a persoa autora.

D. Premio ao mellor resultado de transferencia.-

Cada premio consistirá nun diploma acreditativo para a persoa autora e a/s coautora/s, de ser o caso, e nunha dotación en metálico de 880 € (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente) para a persoa autora.

E. Premio a accións ou actividades de divulgación científica.-

O premio consistirá nun diploma acreditativo para a persoa autora e a/s coautora/s, de ser o caso, e unha dotación en metálico de 930 € (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente) para a persoa autora.

Non obstante ao disposto anteriormente, no caso de que algunha das modalidades descritas, ou algún dos premios incluídos nelas, sexa declarada/o deserta/o, a Comisión avaliadora poderá propoñer a redistribución, total ou parcial, da dotación económica correspondente entre as restantes candidaturas premiadas, e/ou crear un accésit en metálico nalgunha das modalidades, sempre que a calidade dos traballos presentados así o xustifiquen.

Terceira - Requisitos das persoas participantes

Para concorrer a calquera das modalidades poderán ser candidatos/as o PDI e PI que no momento da convocatoria se atopen en situación de servizo activo na Universidade de Vigo, e o estudantado da Universidade de Vigo matriculado nos cursos 2023-2024 ou 2024-2025, que cumpra as condicións da modalidade do premio ao que se presenta.



- Ningún solicitante, membro da achega, autor ou coautor do mérito poderá concorrer simultaneamente a máis dunha modalidade de premios nin a máis dunha das categorías ou liñas de traballo descritas nesta convocatoria.
- No caso da modalidade A, os traballos presentados deberán ter sido avaliados cunha nota mínima de 9 sobre 10.
- No caso da modalidade B, os traballos presentados deberán ter sido avaliados cunha nota de sobresaínte *cum laude*.
- No caso das modalidades C, D, e E, de ser o caso, a solicitude deberá contar co visto e praxe de todos/as os/as coautores/as da contribución, salvo imposibilidade xustificada. Neste senso, consideraranse persoas beneficiarias, para os efectos de certificación da resolución de concesión, todas as persoas autoras da contribución. No caso da dotación económica considerárase como beneficiaria só á persoa solicitante.
- Non se poderán presentar traballos ou méritos que foran presentados a anteriores edicións destes premios ou nos que se aprecie unha identidade substancial con outros que xa concorreran a convocatorias anteriores.
- Os traballos ou méritos presentados soamente poderán estar vencellados a unha única categoría das seis recollidas na base segunda da seguinte convocatoria

A Universidade comprobará os datos académicos do alumnado, así como que estiveron matriculados nos cursos indicados, e a relación laboral do persoal de investigación. As persoas participantes poden exercer o seu dereito de oposición a dita comprobación, a través do procedemento da sede electrónica "SXER", do Catálogo de Procedementos: <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/solDerProtDatos>, achegando a documentación acreditativa correspondente xunto coa súa solicitude.

Cuarta - Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes dirixíranse á Vicerreitoría do Campus de Ourense, de acordo co seguinte procedemento:

Primeiro.- A persoa solicitante cumprimentará o formulario de solicitude a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/15493

Unha vez cumprimentado, premerá no botón "Imprimir PDF" do formulario, descargarao e asinarao con certificado dixital. Este será o documento que presentará na sede electrónica, segundo as indicacións do seguinte paso.

Segundo.- Dentro do prazo de solicitudes, accederá á sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), elixindo o procedemento "VIII Edición dos Premios de



Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga da Universidade de Vigo". Despois de ler a información deberá premer no botón "INICIAR TRAMITACIÓN". No campo "Documentación" engadirase o documento PDF xerado no paso primeiro. De seguido, premerá en "enviar solicitude".

O "xustificante de presentación en sede" xerado inclúe a ligazón e o contrasinal de acceso que se precisará para cargar o traballo ou mérito que se presenta á convocatoria. Dito arquivo co traballo ou mérito debe nomearse co número de xustificante de presentación e seguirá o modelo Anexo I que acompaña a esta convocatoria. Deberá cargarse, en formato .pdf no enderezo indicado dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

O prazo para a presentación das solicitudes comeza ás 00:00 horas do día 15 de xullo de 2026 e remata ás 23:59 horas do día 31 de xullo de 2026.

De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/15, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, de advertirse defectos formais ou omisión na solicitude ou na información que debe acompañala, comunicarse á persoa solicitante, que disporá de 10 días hábiles para emendar a falta ou acompañar os preceptivos documentos, facéndose constar que si así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, arquivándose a mesma, previa resolución ao efecto, de acordo co artigo 68 da citada Lei.

Quinta - Procedemento e criterios de selección

Os méritos recibidos entregaranse, para a súa valoración, a unha Comisión formada polos seguintes membros:

O director do Campus Auga, que actuará como presidente.

Cinco persoas pertencentes ao sector PDI, con dedicación a tempo completo e vinculación permanente, que sexan membros das comisións académicas dos programas de doutoramento adscritos ao Campus Auga. A comisión académica de cada un dos programas de doutoramento adscritos ao Campus Auga procederá a elixir, de entre os membros da citada comisión, a unha persoa do sector PDI que cumpra os requisitos establecidos máis abaixo. A tal fin, dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus Auga requirirase con antelación suficiente ao/á coordinador/a de cada un dos mencionados programas de doutoramento para que se proceda á devandita elección e se comunique o nome da persoa elixida á propia Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus Auga. Unha destas persoas actuará como secretaria da Comisión.



Unha persoa representante da empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.

Ditos membros non poderán ser solicitantes nin formar parte de ningunha das solicitudes presentadas ás diferentes modalidades dos premios desta convocatoria. Tampouco poderán ser titores de traballos fin de grao ou traballos de fin de mestrado nin directores das teses de doutoramento que se presenten á convocatoria.

A Comisión poderá contar co apoio técnico do persoal de xestión do Campus Auga.

Os criterios para a valoración dos méritos serán os seguintes:

Criterios premios Investigación e Transferencia (modalidades A, B, C e D).-

- Vinculación con algunha das categorías, ou liñas de traballo, que figuran nesta convocatoria e indicada polo/s participante/s (6 puntos). Se a puntuación neste apartado é de menos dun 4, o traballo será descartado pola Comisión.
- Orixinalidade e innovación no tratamento dos temas obxecto do premio (4 puntos).
- Calidade, rigor e metodoloxía científica axeitada ao problema exposto (6 puntos).
- Utilidade ou aplicabilidade social e científica, posibilidade de aportar a resolución de problemas ou necesidades científicas ou sociais (4 puntos).

Para as modalidades A e B, no caso de empate terase en conta a nota académica obtida nos estudos de grao, posgrao ou doutoramento cursados polo/a autor/a e relacionados coa categoría do premio.

Para a modalidade C, a comisión disporá dun informe bibliométrico realizado por persoal técnico da Biblioteca da Universidade de Vigo.

Criterios premios Divulgación Científica (modalidade E).-

- Vinculación con algunha das categorías ou liñas de traballo indicadas nesta convocatoria (6 puntos). Se a puntuación neste apartado é de menos dun 4, o traballo será descartado pola Comisión.
- Creatividade no tratamento dos temas obxecto do premio (4 puntos).
- Calidade, rigor e claridade da linguaxe empregada na divulgación científica (6 puntos).
- Impacto potencial ou fáctico da achega (2 puntos).

A puntuación máxima que poderá acadar cada modalidade de premio será de 20 puntos para as modalidades A, B, C e D e de 18 puntos na modalidade E, sendo preciso obter un mínimo de 9 puntos para resultar seleccionado.

O fallo da Comisión non estará suxeito a apelación. A Comisión poderá declarar deserto algún ou todos os premios de acordo coas valoracións obtidas ou por ausencia de solicitudes.



Sexta - Resolución do procedemento

A Comisión elevará á reitoría a proposta de concesión de premios, quen emitirá a resolución correspondente.

A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), servirá de notificación para todos os efectos, de acordo do previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, tanto a convocatoria como as resolucións que integran este proceso publicaranse a título divulgativo na páxina web da Universidade de Vigo e na páxina web do Campus Auga <https://campusauga.uvigo.es>

O prazo para resolver este procedemento será dun máximo de tres meses contados a partir do día seguinte da finalización da presentación de solicitudes.

Sétima - Información sobre a convocatoria

Calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria será atendida na Vicerreitoría do Campus de Ourense (tfno. 988 38 73 00) ou no correo electrónico: vicou@uvigo.gal.

Oitava - Aceptación das presentes bases

O feito de participar nesta convocatoria de Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga, implica a aceptación das súas bases.

Novena.- Información sobre Protección de datos

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria "VIII Edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga da Universidade de Vigo".

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Décima- Outra información

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición



interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Reitora



ANEXO I

OITAVA EDICIÓN DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS AUGA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

TÍTULO DO MÉRITO	
MODALIDADE Á QUE OPTA	
CATEGORÍA VENCELLADA AO MÉRITO	
Resumo do mérito (máximo 500 palabras)	
Breve xustificación da relación do contido do mérito presentado coas categorías ou liñas de traballo indicadas na convocatoria (máximo 500 palabras)	
Breve xustificación da adecuación do mérito á convocatoria e á modalidade á que concursa (máximo 300 palabras)	

VICERREITORA DO CAMPUS DE OURENSE - CAMPUS AUGA

